

**Enquisa de condicións de vida das familias. Principais resultados.  
Ano 2007**

**COMUNICADO**

---

**O 11,58% DOS FOGARES GALEGOS É UNIPERSOAL E ESTÁ  
COMPOSTO POR UNHA PERSOA DE 65 OU MÁIS ANOS**

**NOS FOGARES GALEGOS VIVEN EN TORNO A 100.000 PERSOAS  
DEPENDENTES**

**AUMENTA UN 7,3% O INGRESO MEDIO MENSUAL DOS FOGARES  
GALEGOS SITUÁNDOSE EN 1.923 €**

**AUMENTA A PORCENTAXE DE INGRESOS DOS FOGARES  
DEDICADOS AO PAGO DE HIPOTECA SITUÁNDOSE NO 17,63%**

**O 5,79% DOS USUARIOS DE INTERNET DE 16 OU MÁIS ANOS  
REALIZARON COMPRAS POLA REDE**

**O número medio de persoas por fogar no ano 2007 en Galicia é de 2,74.**

Continúa a tendencia descendente do tamaño medio do fogar galego que pasou dun 2,95 no ano 2002 ao 2,74 en 2007.

Pontevedra é a única provincia que supera con claridade a media galega con 2,89 persoas por fogar mentres que Ourense é a que presenta o menor número medio con 2,45.

**Máis dun terzo dos fogares galegos (35,70%) está formado por unha parella con fillos.**

Pontevedra rexistra a maior porcentaxe (38,72%) de fogares constituídos por unha parella con fillos, mentres que Lugo presenta a menor (28,72%), dez puntos porcentuais por debaixo da cifra anterior.

Se consideramos as parellas con fillos nas que algún fillo ten menos de 25 anos a porcentaxe é do 26,60% dos fogares galegos.

Ourense (24,15%) é a provincia cunha maior proporción de fogares formados por unha parella sen fillos, seguida de Lugo (20,32%).

**Case un 20% dos fogares galegos son unipersoais.**

A media galega sitúase no 19,19%, Lugo e Ourense sitúanse por encima desa media cun 21,39% e 25,61%, respectivamente.

O 11,58% dos fogares galegos son unipersoais compostos por unha persoa de 65 ou máis anos. Destaca o 18,89% na provincia de Ourense, sendo Pontevedra a provincia coa menor porcentaxe, un 8,58%.

<b>Tipoloxía do fogar. Ano 2007</b>						
	<b>A Coruña</b>	<b>Lugo</b>	<b>Ourense</b>	<b>Pontevedra</b>	<b>Galicia</b>	
<b>Unipersoal</b>	<b>18,58</b>	<b>21,39</b>	<b>25,61</b>	<b>16,36</b>	<b>19,19</b>	
- <i>Unipersoal de 65 ou máis anos</i>	10,70	14,14	18,89	8,58	11,58	
<b>Sen núcleo</b>	<b>3,02</b>	<b>3,01</b>	<b>1,71</b>	<b>1,85</b>	<b>2,47</b>	
<b>Parella con fillos</b>	<b>36,64</b>	<b>28,72</b>	<b>32,49</b>	<b>38,72</b>	<b>35,70</b>	
- <i>Algún fillo menor de 25 anos</i>	26,56	21,42	22,57	30,46	26,60	
<b>Parella sen fillos</b>	<b>18,35</b>	<b>20,32</b>	<b>24,15</b>	<b>18,93</b>	<b>19,58</b>	
- <i>Ambos membros de 65 ou máis anos</i>	6,66	9,01	11,57	6,87	7,70	
- <i>Muller menor de 50 anos</i>	5,75	5,40	5,38	6,28	5,82	
<b>Monoparental</b>	<b>9,54</b>	<b>11,10</b>	<b>6,11</b>	<b>10,02</b>	<b>9,44</b>	
- <i>Algún fillo menor de 25 anos</i>	3,38	3,40	2,66	3,99	3,48	
<b>Un núcleo e outros</b>	<b>9,41</b>	<b>11,09</b>	<b>7,17</b>	<b>9,12</b>	<b>9,24</b>	
<b>Varios núcleos</b>	<b>4,48</b>	<b>4,37</b>	<b>2,78</b>	<b>4,99</b>	<b>4,40</b>	
- <i>Algún fillo menor de 25 anos en calquera dos núcleos</i>	3,38	3,21	2,14	3,90	3,36	

**Na quinta parte dos fogares galegos todos os seus membros teñen 65 ou máis anos.**

A porcentaxe para Galicia sitúase no 20,41%. Lugo cun 25,46% e Ourense cun 31,16% son as provincias que presentan as maiores porcentaxes, duplicando practicamente as porcentaxes que presentan A Coruña (18,50%) e Pontevedra (16,26%).

<b>Fogares con todos os membros de 65 ou máis anos</b>						
	<b>2002</b>	<b>2003</b>	<b>2004</b>	<b>2005</b>	<b>2006</b>	<b>2007</b>
<b>A Coruña</b>	19,37	18,70	19,05	18,32	18,46	18,50
<b>Lugo</b>	26,24	29,04	28,25	27,26	26,53	25,46
<b>Ourense</b>	32,07	29,40	27,96	31,82	29,46	31,16
<b>Pontevedra</b>	17,03	17,33	16,69	17,03	16,40	16,26
<b>Galicia</b>	<b>21,35</b>	<b>21,17</b>	<b>20,78</b>	<b>20,97</b>	<b>20,37</b>	<b>20,41</b>


**En 2007, catro de cada cinco mozos galegos de 18 a 29 anos viven cos pais, o que supón unha diminución respecto aos anos anteriores.**

A media galega sitúase no 76,99%, por provincias Lugo é a que presenta a maior porcentaxe (78,72%) e Ourense a menor (74,81%).

Mozos que viven cos pais						
	2002	2003	2004	2005	2006	2007
<b>A Coruña</b>	84,99	82,17	82,40	81,25	79,24	76,52
<b>Lugo</b>	83,37	87,68	79,40	80,96	84,53	78,72
<b>Ourense</b>	84,15	81,24	79,89	80,69	71,27	74,81
<b>Pontevedra</b>	85,54	84,67	82,24	83,71	77,72	77,58
<b>Galicia</b>	<b>84,92</b>	<b>83,61</b>	<b>81,73</b>	<b>82,06</b>	<b>78,42</b>	<b>76,99</b>

Se analizamos os datos por sexo as porcentaxes para os homes superan en case dez puntos as porcentaxes para as mulleres (o 81,53% para os homes fronte ao 72,38% para as mulleres).

Por outro lado, a mocidade galega que vive cos pais tende a diminuír, situación que se produce tanto en homes como mulleres, pasando do 84,92% no ano 2002 ao 76,99% en 2007.



**A porcentaxe de poboación estranxeira en Galicia para o ano 2007 achégase ao 2%.**

A dita porcentaxe sitúase nun 1,92% e supón un lixeiro incremento respecto ao ano 2006 pero que confirma a tendencia crecente dos últimos anos. A idade media da poboación estranxeira residente en Galicia é de 36 anos fronte aos 44 anos de media para a poboación galega de nacionalidade española.

Evolución da poboación estranxeira						
	2002	2003	2004	2005	2006	2007
<b>Galicia</b>	<b>0,69</b>	<b>1,07</b>	<b>1,44</b>	<b>0,98</b>	<b>1,91</b>	<b>1,92</b>

### Un 3,72% da poboación galega está en situación de dependencia.

O número total de persoas dependentes en Galicia está en torno ás 100.000, das cales algo máis dun 60% son mulleres.

Número de persoas dependentes. Distribución segundo o sexo e a idade. Galicia					
	Ata 50 anos	De 50 a 64 anos	De 65 a 74 anos	De 75 ou máis anos	Total
Homes	7.002	5.561	7.129	18.414	38.105
Mulleres	3.684	4.820	8.919	45.332	62.755
Total	10.685	10.381	16.048	63.746	100.860

Non obstante, ao analizar a incidencia da dependencia sobre o conxunto da poboación, vese que varía coa idade. Así, no grupo de idade ata 50 anos a incidencia é maior para os homes (0,86%) que para as mulleres (0,46%), porcentaxes que se corresponden cun total de 7.002 homes dependentes nese tramo de idade fronte a 3.684 mulleres do mesmo tramo. Ao avanzar a idade invértese a situación, así no caso das mulleres de 75 ou máis anos o 25,14% son dependentes, mentres que para os homes a porcentaxe é do 16,75%, e as diferenzas en número son aínda máis avultadas: 18.414 homes dependentes deste tramo de idade fronte a 45.332 mulleres.

Incidencia da dependencia segundo o sexo e a idade. Galicia					
	Ata 50 anos	De 50 a 64 anos	De 65 a 74 anos	De 75 ou máis anos	Total
Homes	0,86	2,24	5,40	16,75	2,92
Mulleres	0,46	1,85	5,64	25,14	4,46
Total	0,66	2,04	5,53	21,96	3,72


### En preto dun de cada dez fogares galegos (9,4%) vive algunha persoa dependente.

Isto supón que algo máis de 93.000 fogares teñen algún dependente, e nuns 7.000 viven dúas ou máis persoas dependentes.

Cabe destacar tamén que hai un 1,53% de fogares con todos os membros dependentes.

Fogares que teñen persoas dependentes. Galicia Ano 2007		
	Fogares	Incidencia
1 persoa dependente no fogar	86.411	8,72
2 ou máis persoas dependentes no fogar	7.072	0,71
Total	93.483	9,44

Máis da metade, (56,71%), dos dependentes que viven nos fogares galegos son coidados exclusivamente por membros do seu fogar.



Esa porcentaxe sube ata o 76,04% se tomamos os fogares nos que os dependentes son coidados por membros do seu fogar e outros (persoas non remuneradas de fóra do fogar, persoas remuneradas de fóra do fogar ou servizos sociais).

Destacar así mesmo o 1,34% de dependentes aos que ninguén lles presta axuda.

### O coidador tipo é unha muller entre 45 e 65 anos.

A incidencia para este grupo de idade e sexo sitúase no 12,64%, porcentaxe que case triplica á dos homes do mesmo grupo de idade (4,61%). Este tramo de idade presenta a incidencia de coidadores máis alta tanto para homes como para mulleres.

Incidencia do número de coidadores non remunerados Distribución segundo sexo e idade				
	Menos de 45 anos	De 45 a 65 anos	De 65 ou máis anos	Total
Homes	1,08	4,61	4,20	2,59
Mulleres	3,49	12,64	5,36	6,28
Total	2,28	8,71	4,87	4,50


**O ingreso medio mensual dos fogares galegos é de 1.923 € en 2007, o que supón un crecemento nominal do 7,3% con respecto a 2006.**

Por provincias, o maior ingreso dáse nos fogares da Coruña con 2.036 € e o menor nos de Ourense con 1.581 €, mentres que en Pontevedra se sitúa en 2.000 € e en Lugo en 1.736 €. Todas as provincias experimentan subidas con respecto a 2006.

Cómpre ter en conta que falamos de ingreso medio mensual neto monetario, non incluíndo o autoconsumo.

Evolución do ingreso medio por fogar						
	2002	2003	2004	2005	2006	2007
<b>A Coruña</b>	1.480	1.627	1.639	1.776	1.881	2.036
<b>Lugo</b>	1.366	1.486	1.544	1.610	1.668	1.736
<b>Ourense</b>	1.290	1.259	1.350	1.465	1.470	1.581
<b>Pontevedra</b>	1.540	1.674	1.693	1.752	1.870	2.000
<b>Galicia</b>	<b>1.457</b>	<b>1.571</b>	<b>1.603</b>	<b>1.703</b>	<b>1.793</b>	<b>1.923</b>


**O ingreso medio mensual do fogar presenta grandes diferenzas por áreas.**



Así, os fogares con ingresos medios mensuais máis altos son os das áreas que conteñen as 7 grandes cidades galegas, sendo a área de Santiago a que presenta un ingreso maior con 2.498 € mensuais. Pola contra, os fogares con menores ingresos medios están situados nas áreas interiores de Lugo e Ourense, sendo Ourense occidental con 1.300 € a menor.

**O 19,38% dos ingresos do traballo no ano 2007 provén do grupo de actividade Industria e enerxía, seguido moi de preto por Comercio e hostalaría cun 18,25%. En terceiro lugar, sitúase Educación e sanidade, que suma un 16,17%.**

No caso das mulleres, a maior achega provén de Educación e sanidade, cun 28,68%, seguido por Comercio e hostalaría, cun 22,17%. No caso dos homes, a maior porcentaxe de ingresos corresponden a Industria e enerxía, cun 22,91%, seguido por Construción (16,81%) e por Comercio e hostalaría (15,97%).



**Case un terzo, (o 27,76%), dos ingresos dos galegos proceden de prestacións sociais.**

A dita proporción alcanza un máximo na provincia de Ourense cun 35,23%, mentres que Pontevedra presenta a mínima cun 24,51%.

No tocante aos ingresos procedentes do traballo, estes representan o 70,19% do total: un 56,66% do traballo asalariado máis un 13,52% do traballo por conta propia. Pontevedra presenta a maior contribución dos ingresos orixinados polo factor traballo (73,69%). En Lugo e Ourense as prestacións sociais –compostas basicamente por pensións- representan a terceira parte do total de ingresos familiares.

<b>Estrutura de ingresos. Ano 2007</b>					
	<b>A Coruña</b>	<b>Lugo</b>	<b>Ourense</b>	<b>Pontevedra</b>	<b>Galicia</b>
<b>Traballo conta allea</b>	57,77	47,80	51,23	60,19	56,66
<b>Traballo conta propia</b>	13,11	16,15	12,39	13,50	13,52
<b>Prestacións</b>	26,85	33,25	35,23	24,51	27,76
<b>Rendas e outros ingresos</b>	2,26	2,81	1,15	1,80	2,05
<b>Total</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>

**A porcentaxe de persoas cuns ingresos equivalentes inferiores ao 60% da mediana de ingresos equivalentes mantense en niveis similares aos do ano 2006 situándose nun 14,56%.**

Este indicador, que forma parte do sistema de indicadores Laeken para medir a pobreza e desigualdade, é unha medida de pobreza relativa que indica a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes de todas as persoas galegas.

<b>Porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao 60% da mediana de ingresos equivalentes</b>						
	<b>2002</b>	<b>2003</b>	<b>2004</b>	<b>2005</b>	<b>2006</b>	<b>2007</b>
<b>Galicia</b>	<b>14,45</b>	<b>14,52</b>	<b>14,77</b>	<b>13,92</b>	<b>14,41</b>	<b>14,56</b>

Como ingreso equivalente de cada persoa tómase o ingreso equivalente do fogar ao cal pertencen. Ao tomar ingresos equivalentes, corríxese o efecto do número de persoas no volume de ingresos do fogar, xa que se divide o ingreso dese fogar entre as unidades de consumo do mesmo. Para calcular as ditas unidades de consumo, seguindo a escala da OCDE modificada, asígnase un 1 ao primeiro adulto do fogar, 0,5 ao resto de adultos dese fogar (persoas de 14 ou máis anos) e 0,3 a cada neno do fogar (persoas menores de 14 anos).


Cando unha persoa presenta uns ingresos equivalentes por debaixo dese limiar dise que está en risco de pobreza.

O limiar, polo tanto, depende do número de persoas que compoñen o fogar, así para un fogar unipersoal o limiar en 2007 é 571 €, mentres que para un fogar composto por dous adultos (1,5 unidades de consumo) o limiar sería 857 €.

<b>Limiar de risco de pobreza segundo o tamaño do fogar</b>						
	<b>2002</b>	<b>2003</b>	<b>2004</b>	<b>2005</b>	<b>2006</b>	<b>2007</b>
<b>Fogar composto por 1 persoa</b>	<b>404</b>	<b>434</b>	<b>459</b>	<b>485</b>	<b>523</b>	<b>571</b>
<b>Fogar composto por 2 adultos</b>	<b>606</b>	<b>650</b>	<b>688</b>	<b>727</b>	<b>784</b>	<b>857</b>
<b>Fogar composto por 2 adultos e 2 menores de 14 anos</b>	<b>848</b>	<b>911</b>	<b>964</b>	<b>1.018</b>	<b>1.097</b>	<b>1.199</b>



Ao adoptar como referencia o limiar galego, as provincias con menor renda van ser as que teñan unha maior proporción de fogares por debaixo dese limiar. Así, Ourense ten a maior taxa (18,5%) e A Coruña (13,7%) a menor.



A seguinte táboa ofrécenos comparativa da taxa galega coa española:

<b>Porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente por debaixo do 60% da mediana de ingresos equivalentes</b>					
	2003	2004	2005	2006	2007
<b>Galicia</b>	15	15	14	14	15
<b>España</b>	19	20	20	20	-

Os limiares respectivos ás dúas áreas xeográficas son os que se recollen na seguinte táboa:

<b>Limiar de pobreza</b>					
	2003	2004	2005	2006	2007
<b>Galicia</b>	433,6	458,8	484,6	522,5	571,0
<b>España</b>	493,6	523,3	528,9	571,7	-

Vemos así que para 2006, a porcentaxe de persoas en risco de pobreza é inferior en Galicia que en España (o 14% fronte ao 20%), non obstante España ten un limiar de pobreza superior ao galego (522,5 € fronte a 571,7 € en España).

**No ano 2007, un 21,72% dos fogares galegos teñen gasto en hipoteca.**

Este dato é algo superior ao do ano 2006, mentres que no caso dos fogares con gasto en alugueiro se produce un lixeiro descenso pasando do 9,94% no ano 2006 ao 9,51% en 2007. Pontevedra e A Coruña son as provincias con maiores porcentaxes de fogares con gasto en hipoteca.

Fogares con gasto en alugueiro e hipoteca. Galicia						
	2002	2003	2004	2005	2006	2007
Alugueiro	9,95	9,41	9,46	8,44	9,94	9,51
Hipoteca	15,49	16,58	17,77	17,72	20,69	21,72


A porcentaxe de ingresos do fogar dedicados ao pago da hipoteca aumenta algo máis dun punto porcentual con respecto aos anos anteriores situándose nun 17,6%.

Ingresos do fogar dedicados ó pago de hipoteca e/ou alugueiro Galicia						
	2002	2003	2004	2005	2006	2007
Alugueiro	12,68	13,56	14,38	14,69	15,21	15,80
Hipoteca	16,25	16,85	15,84	15,37	16,16	17,63

Tamén aumenta o gasto medio mensual en hipoteca que pasa de 362 € en 2006 a 425 € no ano 2007. No caso do alugueiro o gasto medio pasa de 228 € a 246 €.

**Aumenta a porcentaxe de persoas que usan teléfono móbil, ordenador e internet.**

Ao igual que en anos anteriores, segue aumentando o uso das novas tecnoloxías en Galicia. A porcentaxe de persoas que usan teléfono móbil é do 67,10%, o 40,80% no caso do ordenador e o uso da internet alcanza o 32,45%.



Un 5,79% dos usuarios de internet de 16 ou máis anos realizaron algunha compra por internet, o que reflicte un notable incremento dende o ano 2002, no que a porcentaxe era do 1,37%.

<b>Persoas que realizaron compras por internet</b>						
	2002	2003	2004	2005	2006	2007
<b>Galicia</b>	1,37	2,06	2,44	3,40	4,51	5,79

O importe medio das compras no trimestre de referencia está entre 100 e 500 € no 44,57% dos casos. Por tipoloxía de compras as porcentaxes de persoas que compran viaxes e entradas de cine ou espectáculos son as máis destacadas, cun 48,47% e un 20,95%, respectivamente, seguidas das compras de libros (15,17%) e música (10,74%).

<b>Persoas que realizaron algunha compra por internet. Distribución segundo a tipoloxía das compras</b>	
	2007
<b>Viaxes</b>	48,47
<b>Entradas</b>	20,95
<b>Libros</b>	15,17
<b>Música</b>	10,74
<b>Roupa</b>	9,14
<b>Programas informáticos</b>	7,42
<b>Hardware</b>	3,29
<b>Outras compras</b>	37,40

<b>Importe das compras realizadas por internet</b>	
	2007
<b>Ata 50 euros</b>	20,94
<b>Máis de 50 e ata 100 euros</b>	19,44
<b>Máis de 100 e ata 500 euros</b>	44,57
<b>Máis de 500 e ata 1.000 euros</b>	9,72
<b>Máis de 1.000 e ata 2.500 euros</b>	4,42
<b>Máis de 2.500 euros</b>	0,91
<b>Total</b>	100,00

Entre os servizos de comunicación e ocio máis utilizados polos usuarios de internet de 5 ou máis anos destacan a busca de información (90,26%) e consultar o correo electrónico (79,01%). Se atendemos á idade é destacable a porcentaxe de usuarios de internet de 15 a 19 anos que se conectan a chats, messenger, foros... (72,47%).

<b>Usuarios de internet que utilizaron distintos servizos (Comunicación e ocio) Distribución segundo a idade. Galicia</b>							
	De 5 a 14 anos	De 15 a 19 anos	De 20 a 29 anos	De 30 a 39 anos	De 40 a 54 anos	De 55 ou máis anos	Total
<b>Busca de información</b>	79,71	89,07	91,65	93,11	91,27	86,12	90,26
<b>Consultar correo electrónico</b>	46,46	79,30	84,91	84,59	79,10	77,58	79,01
<b>Medios de información</b>	19,16	34,56	48,61	47,83	46,71	49,27	43,95
<b>Servizos de ocio</b>	63,13	66,29	50,52	36,79	27,38	17,10	42,28
<b>Chats, messenger, foros...</b>	45,12	72,47	52,09	29,81	21,48	16,80	38,50

Un 22,28% dos usuarios de internet de 16 ou máis anos realizaron xestións administrativas pola rede. Destes, un 72,10% fixeron xestións coa Administración Autonómica, un 48,50% coa Administración Central e un 30,94% coa Administración Local.

<b>Usuarios de internet que utilizaron distintos servizos (Banca, compravenda e administración electrónica). Distribución segundo a idade. Galicia</b>					
	<b>De 16 a 29 anos</b>	<b>De 30 a 39 anos</b>	<b>De 40 a 54 anos</b>	<b>De 55 ou máis anos</b>	<b>Total</b>
Reservas de turismo	29,42	41,62	36,65	34,01	35,13
Xestións administrativas	13,99	28,89	27,73	20,39	22,28
Xestións académicas	28,41	18,78	15,22	8,39	20,82
Banca electrónica	11,04	30,67	24,01	23,28	20,92
Compravenda de bens e servizos	14,59	18,39	18,40	15,02	16,70

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=006006001&idioma=gl>  
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
 FAX: 981.54.13.23  
 Notas de prensa en: <http://www.ige.eu>